


# Fragas do Eume Parque Natural

- |                 |                        |                                     |                     |
|-----------------|------------------------|-------------------------------------|---------------------|
| Mosteiro        | Asistencia médica      | Central térmica                     | Couto de pesca      |
| Igrexa/Ermida   | Gasolinera             | Centro de interpretación            | Área recreativa     |
| Torre/Castelo   | Inicio ruta            | Centro de visitantes                | Vistas panorámicas  |
| Ponte           | Minería                | Información                         | Fonte               |
| Porto deportivo | Encoro                 | Centro de precipitado de salmónidos | Monte               |
| Praia           | Central hidroeléctrica | Refuxio de pescadores               | Monte Chouso (568m) |

- |                    |                        |                           |
|--------------------|------------------------|---------------------------|
| Piñeiro            | Lugar/Aldea            | Limite concello/provincia |
| Mingorei           | Río                    | Sendeiro G.R. 50          |
| Autoestrada        | Estrada Nacional       | Sendeiro P.R.             |
| Acceso principal   | Itinerario recomendado | Límite da área protexida  |
| Estrada secundaria | Curso fluvial          | Monte                     |
|                    |                        | Monte Chouso (568m)       |

**CAB** Concello/Provincia



## Camiños do Parque Natural Fragas do Eume

(\* Ruta apta para bici de montaña)



- 1 Camiños dos Encomendeiros (7,5 km)
- 2 Camiño da Ventureira (6 km)
- 3 Camiño Cumios do Sanguinedo (8,5 km)\*
- 4 Camiño dos Cerqueiros (6,5 km)\*
- 5 Camiño de Pena Fesa (9,9 km)\*
- 6 Camiño da Pasada Vella (4,5 km)
- 7 Camiño de Fontardiñón (5,5 km)
- 8 Camiño dos Corzos (2,5 km)

PROVINCIA DE LUGO

REDE DE PARQUES  
NATURAIS DE  
GALICIA

FRAGAS DO EUME



RUTA 1  
Camiños dos Encomendeiros



**Inicio:** Cal Grande (Pontedeume)  
**Tramo 1.** Da ponte de Cal Grande á ponte de Fornelos: 3 km.  
**Tramo 2.** Da ponte colgante de Fornelos á ponte de Santa Cristina (ou de Caaveiro): 2,5 km.  
**Tramo 3.** Circular de Caaveiro: 2 Km

Coa ponte colgante do Cal Grande como punto de inicio, esta ruta discorre río arriba ata acadar o río Sesín. Desde aquí, o itinerario virá á esquerda cara ao Mosteiro de Caaveiro e descende ata a ponte de Santa Cristina sobre o Eume. Hai outras opcións ou percorridos xa que a lonxitude da senda pódese acurtar iniciándoa na ponte colgante de Fornelos.


RUTA 2  
Camiño da Ventureira



**Inicio/Fin:** Ponte de Santa Cristina (Monfero)

O itinerario discorre emboscado polo máis profundo do canón. Pasa pola minicentral do Parrote e remata na ponte de Santa Cristina en Caaveiro. O camiño de regreso faise por unha pista forestal a media ladeira, desde a que se ven unhas boas panorámicas do Mosteiro de Caaveiro entre a densa vexetación das fragas.

RUTA 3  
Camiño Cumios de Sanguñedo




**Inicio:** A Portela de Montelongo

Esta senda lineal descende desde a Portela de Montelongo (635 m) hasta as casas de Torre de San Bartolomeu (390 m). O longo percorrido conduce polas Penas do Teixo, un lugar con boas vistas panorámicas que dan idea do resto da ruta. Cara ao norte parte do canón do Eume e o monte Fontardiñón e ás costas, Pena Cavada e os montes de Montelongo.

Ten accesibilidade para facelo con bicicleta de montaña.

RUTA 4  
Camiño dos Cerqueiros




**Inicio/Fin:** A Portela de Montelongo (Monfero)

A ruta dos Cerqueiros ofrece unha boa aproximación a todos os ecosistemas do Parque. Comeza nos piñeirais das zonas máis altas, desde onde descende ata as fragas cubertas de liques máis próximas ao encoro. Ofrece boas vistas do municipio das Pontes de García Rodríguez e do val do Xestoso desde o miradoiro do monte da Carboeira, preto da casa dos Esterqueiros.

Ten accesibilidade para facelo con bicicleta de montaña.

RUTA 5  
Camiño de Pena Fesa




**Inicio/Fin:** A Marola (Monfero)

O camiño discorre polos montes da Marola e Pena Fesa (709 m); este último é un dos máis elevados da provincia da Coruña. A meirande parte da ruta, con excelentes vistas, faise por pistas forestais despeixadas e estradas sen tráfico. Este percorrido é especialmente recomendable para facer con nenos a partir de seis anos.

Ten accesibilidade para facelo con bicicleta de montaña.

RUTA 6  
Camiño da Pasada Vella




**Inicio/Fin:** Torre de San Bartolomeu (Monfero)

O camiño parte das proximidades de Torre San Bartolomeu, bordea a Pena dos Mouros e chega ata o encoro de onde parte o túnel que alimenta de auga a central hidroeléctrica de Ventureira, un furado na montaña de máis de dous quilómetros de lonxitude e tres metros de diámetro. Volve sobre si mesma e regresa por unha derivación á esquerda ao lugar de Torre.

Esta senda pasa preto dunha das zonas de reserva do Parque Natural, polo que cómpre non desviarse do itinerario.


RUTA 7  
Camiño de Fontardiñón



**Inicio:** Fontardiñón

Esta ruta parte desde do lugar do Gallel, pasa a carón dos Altos de Fontardiñón, onde poderemos ver vacas do país e bestas adaptadas a pacer no monte baixo. Logo pásase pola área recreativa e miradoiro de Teixido, onde se pode apreciar unha marabillosa panorámica da paisaxe do canón do río Eume, o encoro e as fragas altas. O último tramo achéganos, a través dunha pronunciada baixada polas frondosas fragas, ata a vella central hidroeléctrica da Ventureira.

RUTA 8  
Camiño dos Corzos



**Inicio:** A Portela de Montelongo (Monfero)

Comeza no primeiro tramo da senda dos Cerqueiros, nunha zona de matogueira. No traxecto cruzaremos primeiro matogueira baixa de queiroas e toxos, unha zona de pasto e introducíronos a continuación nunha fraga de carballos de bidueiros seguindo o antigo camiño que unía as aldeas de Teixeiro e Os Esterqueiros. O final lévanos outra vez á senda de Cerqueiros, moi preto do miradoiro da Carboeira.

A ter en conta:

URXENCIAS	SEPRONA	INCENDIOS
112	062	085

1. Deixa o vehículo nos aparcadoiros habilitados.
2. Usa o vehículo só nas estradas/camiños habilitados e modera a velocidade cando circules polo interior do Parque.
3. Arrincar flores e plantas está prohibido, ademais de poñer en perigo especies singulares.
4. Non molestes á fauna, non fagas ruído.
5. Infórmate dos permisos necesarios para acceder ao Parque ou para facer calquera ruta.
6. Antes de facer unha ruta, comproba a dificultade e o tempo que debes investir.
7. Planifica con detalle a túa visita, sobre todo se vas en grupo, e equipate convenientemente.
8. Visitas Autoguiadas con paneis informativos e material divulgativo.
9. Leva o móbil sempre coa batería cargada.
10. Camiña polos sendeiros habilitados.
11. Respecta a sinalización.
12. Precaución coas enchentes dos cursos de auga.
13. Precaución ao pisar pedras e troncos cando están mollados xa que son moi escorregadizos.
14. Non está permitida a acampada libre nin pasar a noite con caravanas.
15. Fai un uso responsable do lixo; se non hai colectores, lévao contigo ata que atopes un.
16. Non está permitido o baño fóra das zonas habilitadas.
17. Respecta as propiedades privadas.
18. Usa as áreas recreativas.
19. O lume pode destruír a vida do Parque, non o acendas.
20. Excepto casos concretos, está prohibida a caza e a pesca. Consulta a normativa de cada Parque Natural.
21. Avisa ao persoal do Parque ante calquera incidencia. (Tel. 981 43 25 28)
22. Centro de interpretación das Fragas do Eume: Lugar de Andarúbel. Estrada de Ombre a Caaveiro, Km.5. 15600 Pontedeume. Tel. 981 432 528